Nos últimos anos realizáronse varias actuacións de reforzo localizado de firme, e especialmente unha actuación de estabilización dos noiros situados nos puntos kilométricos 0+400 e 0+500. En concreto, as obras consistiron en retaluzado, mellora da drenaxe, construción dun muro de pé, e reposición de camiños de servizo. Esta actuación levouse a cabo no ano 2020.

A Xunta de Galicia conta cun sistema de inspección de muros e noiros, posto en marcha nos últimos anos replicando a metodoloxía empregada con anterioridade para inspección de estruturas e obras de paso. Con este sistema, e a vixilancia ordinaria do persoal da AXI, estase a realizar un seguimento do estado dos noiros das estradas autonómicas, tamén na AC-563, de modo que de ser necesario actuaríase para resolver calquera problemática que se identifique cos medios da conservación de estradas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 10:11:12
Nº Rexistro: 22817
Data envío: 03/04/2025 10:11:12.594

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/04/2025 10:11:12

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17270**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **“o prazo previsto pola Consellería do Medio Rural para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia conta co documento de planificación estratéxica “Plan Estratéxico de Galicia” no que se fan constar os grandes obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia desagregados en cinco grandes eixes, dentro dos cales se establecen prioridades de actuación e dentro destas indícanse os obxectivos estratéxicos da organización.

Deste xeito, os grandes obxectivos estratéxicos a conseguir no período (neste caso 2022-2030) están perfectamente fixados e definidos por áreas temáticas no dito Plan estratéxico. Pero ademais, respecto destes eixes, prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos, o documento inclúe una serie de indicadores concretos, tanto de tipo financeiro, como de produtividade ou de realización, de resultado e de contexto.

Pode afirmarse polo tanto que este plan estratéxico cumpre con todas as finalidades ás que responde o plan estratéxico de subvencións, incluso cun maior detalle e concreción a través dos seus múltiples indicadores.

Pois ben, estes obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de Galicia vanse concretando nos distintos instrumentos de planificación sectorial aprobados na Xunta de Galicia, que son igualmente obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

(<https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/planificacion/plans-e-programas-anuais-e-plurianuais>).

Estes plans e programas sectoriais parten do Plan Estratéxico de Galicia para concretar os obxectivos operativos e liñas de acción de cada Consellería para a consecución dos seus obxectivos.

Finalmente, a elaboración cada ano dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma implica un proceso de planificación estratéxica, no que se canalizan as accións e liñas subvencionadoras de cada departamento.

Pero ademais, a Xunta de Galicia conta cun apartado específico no Portal de Transparencia e Goberno aberto relativo á publicidade das axudas e subvencións, no que poden consultarse todas as axudas e subvencións convocadas pola Xunta de Galicia, dende un único enlace, organizado por cada un dos departamentos autonómicos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Convocatorias de axudas e subvencións - Portal Transparencia

Ademais, este enlace contén mais información xa que a través del pode accederse aos textos íntegros das convocatorias, á consulta de toda a documentación e requisitos precisos para optar á subvención, os formularios de presentación, e incluso enlaza coa sede electrónica da Xunta de Galicia para permitir a presentación da solicitude.

A Consellería do Medio Rural recolle anualmente nos seus orzamentos as actuacións canalizadas a través de subvención procedentes dos seus organismos e demais entes dependentes desta, dando resposta con estas medidas de apoio financeiro ás demandas sociais e económicas existentes e promovidas por persoas físicas, entidades públicas ou privadas.

Así; a política de gasto público da Consellería queda enmarcada dentro da programación orzamentaria anual. Esta programación deseñase e aprobase tendo en conta a situacións económicas existentes, os obxectivos de política económica establecidos polo Plan Económico de Galicia e velando polo cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As subvencións convocadas dende a Consellería do Medio Rural, son publicadas no DOG e postas a disposición a través da páxina web da Consellería, sendo de acceso para calquera cidadán. Así mesmo, pode accederse a elas a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto como se indicou anteriormente.

En conclusión, a actividade subvencional da Consellería do Medio Rural SI CONTA CUNHA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DAS SUBVENCIONES, e si responde ao cumprimento do establecido nos distintos marcos ou planes estratéxicos existentes tanto a nivel europeo, nacional como rexional e concretamente aos plans e estratexias sectoriais propios da Consellería, incluídos os Programas de Desenvolvemento Rural e estratéxico da PAC”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:55:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22628
Data envío: 31/03/2025 21:55:01.488

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17509**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as demandas do Concello de Fene en relación coa seguridade viaria na AC-115 ao seu paso por este concello"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada autonómica AC-115 ten unha lonxitude de 4,71 quilómetros, entre o seu inicio na N-561 en Fene e o seu final na AC-862 en Neda.

O tráfico que se rexistra nesta estrada é alto, de entre 7.506 e 8.934 vehículos ao día, ao tratarse dunha zona moi urbanizada e con conexións coa rede viaria de alta capacidade.

No concello de Fene, a estrada conta cunha senda ou beirarrúa, en función do tramo, continua ao longo da estrada. É na marxe esquerda na que non hai beirarrúa en varios treitos, polo que existe un espazo fóra da calzada principal para o tránsito peonil seguro.

A Xunta de Galicia está a traballar para mellorar a seguridade e funcionalidade desta estrada.

Proba delo é a obra licitada con data 18 de marzo, para a execución dunha mellora da intersección da AC-115 coa AC-862 mediante a implantación dunha glorieta. Tamén o proxecto de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús nas estradas autonómicas da zona sur da área de Ferrol, xa aprobado e de próxima licitación, que prevé a mellora de 16 paradas de autobús en Fene e de 32 paradas en Neda. Delas, 19 paradas son na AC-115, e para a definición das actuacións analizouse a accesibilidade ás paradas. Cómpre sinalar que o proxecto foi sometido a información pública, para que se recibisen as achegas que se considerasen necesarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/04/2025 10:11:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 10:11:06
Nº Rexistro: 22816
Data envío: 03/04/2025 10:11:06.297

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17666**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"as actuais dificultades de emancipación que ten a mocidade galega e as actuacións que prevé levar adiante o Goberno galego ao respecto, nomeadamente en materia de vivenda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten un compromiso firme coa mocidade no acceso á vivenda, con instrumentos que contribúan á súa emancipación real.

O obxectivo desta Lexislatura é duplicar o parque de vivenda pública ata alcanzar as 8.000 unidades. Dentro deste plan, polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro estarán reservadas para menores de 36 anos, así como un 25% das vivendas en venda.

Para facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro e compra, a Xunta asignou o 100% das axudas da convocatoria 2024-2025 do Plan de Vivenda, cun financiamento de 20 millóns de euros (10 millóns de fondos da comunidade). Ademais, está a xestionar con dilixencia o Bono Alugueiro Mozo. Antes de rematar o prazo xa está a comunicar as primeiras concesións.

A compra de vivenda tamén recibe apoio directo, con 3,8 millóns de euros en axudas para adquisicións por mozos en concellos pequenos, centros históricos ou vivendas de protección autonómica. Ademais, desde 2023, o programa de avais facilitou a concesión de 4 millóns de euros para que os mozos poidan acceder a unha hipoteca cubrindo o 20% do custo da vivenda. Na presente convocatoria preténdese chegar aos 5 millóns.

A Xunta tamén promove rebaixas fiscais para menores de 36 anos, reducindo os impostos sobre a compra de vivenda habitual ata un 0,5% en actos xurídicos documentados e baixando o imposto de transmisións patrimoniais do 8% ao 3%, e mesmo ao 0% en zonas pouco poboadas.

O Goberno galego está a crear de edificios de aloxamentos compartidos, comezando en Santiago de Compostela. Esta medida busca proporcionar un fogar temporal, cunha estancia máxima de tres anos, para facilitar o acceso dos mozos á vivenda.

A Xunta tamén aposta pola rehabilitación de inmobles a través do programa Rexurbe, adquirindo e restaurando edificios en centros históricos para ofrecer vivendas a prezos accesibles.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A colaboración cos concellos permitirá recibir terreos urbanos consolidados para a construción de vivanda pública en diferentes concellos. Ademais, estase a desenvolver solo para 25.000 novas vivandas nos próximos anos, con sete PIAS licitados e dous en tramitación.

Parte da solución para a mocidade debe pasar ineludiblemente por incrementar e mobilizar o actual parque de vivanda. Como está a facer a Xunta con estas e outras medidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/03/2025 14:45:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22552
Data envío: 28/03/2025 14:45:50.239

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18889**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, don Secundino Fernández Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **“a habilitación e xestión de axudas para os sectores agrario e gandeiro relacionadas coas perdas provocadas polo temporal Kirk”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O pasado outono, o temporal Kirk bateu coa nosa Comunidade autónoma cunha forza que impactou nunhas zonas máis que noutras, posteriormente seguiu chovendo. Todo isto provocou que o millo que quedou tirado pola forza do vento non puidera ser recollido nalgunhas parcelas do noso territorio. Ademais, outros cultivos como os da pataca ou da castaña foron afectados.

Os produtores afectados que resultaron co seu millo tirado polo chan a consecuencia do vento, tiveron acceso ás axudas do anticipo da PAC coa maior celeridade, e así, se lles efectuou o pago do anticipo do 70% das liñas de Axuda ás Vacas Nutrices e de Axuda ao Vacún de Leite; así mesmo tamén se abonou o 70% da Axuda básica á renda para a sustentabilidade, da Axuda complementaria redistributiva e da Axuda complementaria para mozos agricultores e mozas agricultoras, co ánimo de contrarrestar as dificultades na recollida que atravesaron por mor dos problemas xurdidos a consecuencia do temporal. Estas axudas á renda tamén foron ingresadas especificamente aos produtores de pataca da Limia coa máxima urxencia.

No que respecta ao millo, ademais debemos ter en conta que, o millo forraxeiro conta coa posibilidade de acollerse ás liñas de explotacións de cultivos forraxeiros do seguro agrario, entre as que se atopa o millo forraxeiro, que cobre os danos ocasionados por condicións excepcionais entre as que están os casos de inundación, choiva torrencial, choiva persistente e vento tempestuoso.

O seguro agrario constitúese nunha ferramenta fundamental que teñen á súa disposición os agricultores e gandeiros para facer fronte a situacións de continxencia e dificultades sobrevindas por adversidades climatolóxicas. Este sistema está baseado no principio de “o asegurable non é auxiliabile”, polo que non se conceden axudas de carácter extraordinario para aqueles riscos contemplados nos Plans de Seguros Agrarios, sobre as producións asegurables.

Por outra banda, en relación coa aplicación da condicionalidade reforzada e máis concretamente coas Boas Condicións Agraria e Ambientais da terra descritas na BCAM 7 (Rotación/Diversificación de cultivos) para os agricultores e agricultoras con explotacións cunha superficie superior a 10 hectáreas, existen flexibilizacións ás que poderán acollerse para a xustificación de excepcionalidades durante a campaña 2024 e seguintes.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Polo tanto, a Consellería do Medio Rural reaccionou de maneira inmediata tras o paso da tormenta Kirk, poñendo a disposición dos agricultores e agricultoras todos os medios necesarios para minimizar o alcance dos danos causados polo temporal, e adiantando o diñeiro da PAC co fin de que os afectados puideran facer fronte ás circunstancias sobrevidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:54:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22627
Data envío: 31/03/2025 21:54:55.456

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19032**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a xestión en 2024 por parte da Consellería do Medio Rural das axudas aos plans de mellora e das de mitigación-adaptación ao cambio climático e uso eficiente dos recursos naturais, así como as súas previsións en canto a 2025"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias de 2024 incluíu as seguintes liñas de axudas: incorporación de mozos, incorporación de novos (40-55 anos), plans de mellora verdes, plans de mellora convencionais, pequenas explotacións convencionais e pequenas explotacións "verdes".

Os resultados poden consultarse na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250129/AnuncioG0426-080125-0011_gl.html ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:54:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22626
Data envío: 31/03/2025 21:54:49.800

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19335**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Silvia Longueira Castro e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á dotación de material e ao impulso dos trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“É importante sinalar que o nome correcto do CIAM é Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo posto que son múltiples as investigacións no ámbito de competencias da Consellería do Medio Rural que abrangue o ámbito agrícola, gandeiro, silvícola e da industria agroalimentaria.

Por outra banda, a denominación correcta do banco ao que aluden é Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia que depende de AGACAL e que no seu funcionamento ordinario é coordinado e dirixido polo Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo e pola Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia no que se refire ás variedades de vide e recursos microbianos vinícolas.

Dito isto, é importante sinalar que actualmente estase a traballar de xeito continuado para realizar todos cantos trámites son precisos para a posta en funcionamento das edificacións xa construídas do Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a dotación e equipamento dos medios técnicos interiores para a posta en funcionamento das novas instalacións.

Así mesmo, cómpre sinalar que a aposta non se cingue á construción dunha carcasa construtiva sen máis, que son as obras finalizadas na primeira fase das novas instalacións do Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia, senón que abrangue a posta en funcionamento efectivo coas cámaras de conservación xa existentes, e a dotación de laboratorios e espazos de traballo axeitados. Todo aquel equipamento do que xa dispón o CIAM que poida ser aproveitado para o funcionamento dos equipos de traballo e investigación nas novas instalacións deberán incorporarse a elas e serán atendidas as necesidades adicionais que sexan detectadas e transmitidas polos profesionais que traballarán nas novas instalacións segundo as dispoñibilidades orzamentarias asignadas a AGACAL, sen descoidar ningunha das unidades dependentes da Axencia”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:54:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22625
Data envío: 31/03/2025 21:54:43,488

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19390**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **“os riscos epidemiolóxicos de gripe aviaria en Galicia e as medidas que se están a tomar para a súa prevención e detección”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O comportamento na presenza e distribución dos virus de IAAP variou considerablemente nos últimos anos. Historicamente este virus estaba máis presente no período estacional invernal, cunha dinámica de incidencia moi similar ao virus influenza humano (gripe estacional). Porén, desde o ano 2022 detectouse un patrón de circulación desestacionalizado, notificándose focos de enfermidade ao longo de todo o ano, tanto en España como noutros países da Unión Europea.

O risco ven determinado fundamentalmente pola presenza de aves silvestres, principalmente migratorias, portadoras inaparentes da enfermidade e que poden contaxiar ás aves silvestres autóctonas ou as aves domésticas. Dada a imposibilidade de control dos ciclos migratorios e hábitos das aves silvestres, tanto migratorias como autóctonas, as medidas de mitigación do risco de enfermidade nas nosas aves domésticas pasa inescusablemente polo incremento das medidas de bioseguridade nas granxas avícolas, encamiñadas á prevención do contacto con aves silvestres de calquera tipo.

Estas medidas preventivas son as que a Comunidade Autónoma de Galicia puxo en funcionamento o pasado mes de xaneiro, tras a comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dunha situación de risco alto de aparición de IAAP en España, determinado polo sistema de avaliación continua de risco establecido por ese ministerio.

A consecuencia deste aumento no nivel de risco, en Galicia, como no resto do Estado tomáronse as medidas establecidas normativamente na Orde APA/ 2024/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación á influenza aviaria, orientadas á evitar o contacto entre aves silvestres e aves de curral.

Nesta norma, establécense distintas zonas segundo o nivel previsto de risco fronte á IAAP, definidas de acordo coa existencia de masas ou cursos de auga que favorecen a existencia de aves silvestres migratorias, vectores necesarios para a transmisión e difusión dos focos desta enfermidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Así establécense, en orde decrecente segundo o risco previsto, unha zona de especial risco (ZER), unha zona de especial vixilancia (ZER) e finalmente, o resto do territorio.

As medidas de prevención específicas adoptadas pola Consellería do Medio Rural desde o pasado 16 de xaneiro son as seguintes:

- Nas zonas de especial risco (ZER) que afecta a 7 concellos da provincia de Pontevedra: prohibición da cría de aves ao aire libre, agás que se utilicen dispositivos como teas paxareiras que impidan o contacto coas aves silvestres, prohibición de dar auga que puidera estar contaminada polas aves silvestres, agás que se someta a proceso de hixienización...) e prohibición das concentracións de aves de calquera tipo.
- Nas zonas de especial vixilancia (ZEV) que afecta a 29 concellos das catro provincias galegas: prohibición das concentracións de aves de calquera tipo.
- No resto do territorio, a celebración de concentracións está condicionada á adopción de medidas de bioseguridade que impidan o contacto directo ou indirecto (polas dexeccións) coas aves silvestres.

Así mesmo, en toda a comunidade autónoma recoméndase a adopción nas granxas de medidas de bioseguridade xeral (evitar a entrada de aves silvestres ao interior de instalacións nas que se aloxen aves de curral, evitar o contacto destas últimas coa fauna silvestre, limitar ao mínimo imprescindible as visitas., etc.).

A efectividade das medidas preventivas depende en gran medida do grao de coñecemento e sensibilización das persoas que as teñen que levar a cabo. Con este fin a Consellería do Medio Rural mantén permanentemente informado ao sector avícola galego (Integradoras avícolas, Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira, asociacións de interese, etc.), co obxecto de conseguir a máxima difusión entre os actores implicados na produción e sanidade avícola. Así mesmo, foron informados das medidas preventivas decididas todos os concellos implicados, así como os axentes ambientais (a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático) e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado co fin de que extremen a vixilancia de aves sospeitosas de padecer IIAP e o comuniquen de inmediato á Consellería do Medio Rural.

No ano 2024 notificáronse en Galicia 21 focos de influenza aviaria de alta patoxenicidade, serotipo H5N1, que afectaron en todos os casos a aves silvestres (todos exemplares de gaivotas, agás un mascato). Non se detectaron casos en aves de curral.

Cómpre sinalar, que a pesares de estar en situación de risco alto desde o 16 de xaneiro de 2025, o último foco detectado en Galicia, e ata a data, foi en novembro de 2024 nun mascato no concello da Coruña”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:54:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22624
Data envío: 31/03/2025 21:54:37.160

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19603**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"o eventual cambio de estratexia por parte da Administración central contra o andazo da lingua azul e o paso da vacinación obrigatoria a outra de carácter voluntario, así como as valoracións do Goberno galego ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural (CMR), co obxecto de apoiar en todo o posible ao sector gandeiro, estableceu durante as campañas 2023 e 2024 un sistema público de vacinación, totalmente gratuito, no que:

- Na zona restrinxida declarada en febreiro de 2023, desenvolveuse unha campaña de vacinación en saba no ano 2023, visitando todas as explotacións de bovino e ovino, que durante o 2024 volvéronse a visitar para a revacunación anual dos animais xa vacinados en 2023, e a primovacinação (dúas doses en bovino) dos animais maiores de 3 meses aínda non vacinados.
- Na zona restrinxida declarada en novembro de 2023, desenvolveuse no 2024 tamén unha campaña de vacinación en saba, na que se primovacinaron (dúas doses en bovino) todos os animais maiores de 3 meses.
- Nas dúas zonas, e unha vez rematada a vacinación en saba, desenvolveuse unha vacinación "de continuidade" para ir vacinando os animais maiores de tres meses que cumpriran esta idade tras a dita vacinación en saba.

A organización da campaña de vacinación foi extremadamente complexa pero coa importante aportación de medios materiais e persoais por parte da CMR, conseguiu acadar unha ampla cobertura vacinal no gando bovino e ovino, protexendo aos animais da infección e garantindo á súa vez un movemento pecuario sen restricións. O éxito destas campañas de vacinación é evidente, como demostra a ausencia de detección de circulación viral en territorio galego durante o 2024, con resultados laboratoriais negativos en animais sentinelas (sen vacinar) nos que se realizou toma de mostras de sangue mensualmente de abril/2024 a xaneiro/2025.

Os feitos descritos denotan a capacidade demostrada da CMR para planificar e executar campañas de vacinación fronte a lingua azul no caso que as circunstancias epidemiolóxicas aconsellaran unha vacinación universal obrigatoria.

En todo caso, a responsabilidade da vacinación de lingua azul, tanto no marco dunha vacinación obrigatoria como voluntaria, recae nas persoas titulares das explotacións gandeiras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os cambios normativos, principalmente a publicación da *Orde APA/229/2025, de 10 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación ao lingua azul*, supoñen un cambio substancial na estratexia de loita contra esta enfermidade. Sen dúbida, a eliminación da obrigatoriedade da vacinación e a posibilidade de movementos de bovinos e ovinos non vacinados suporá un aumento do risco de circulación do virus, tanto do serotipo 4 xa detectado en Galicia desde o ano 2023, como doutros serotipos non existentes en Galicia pero detectados noutras CCAA peninsulares ou en Portugal.

En todo caso, e aínda que existen variacións entre os distintos serotipos do virus, a sintomatoloxía deste enfermidade é normalmente máis grave no gando ovino que no gando bovino, no que moitas veces cursa de xeito inaparente, dándose a circunstancia de que a cabana ovina galega é bastante reducida. É nesta especie onde as persoas produtoras deben extremar as medidas preventivas.

A este respecto, realízase tanto unha vixilancia activa (animais sentinelas) como unha vixilancia pasiva (investigación de sospeitas), de forma que en función da avaliación do risco ou das circunstancias epidemiolóxicas existente en cada momento, a CMR tomará as decisións que foran precisas, sempre aplicando un criterio sanitario e de protección da cabana bovina e ovina galega.

Por outra banda, o artigo 6, *Vacinación das especies sensibles*, da derogada Orde APA/1251/2020, do 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, xa establecía no apartado 4 do dito artigo que *será responsabilidade da persoa titular da explotación, a través do persoal veterinario autorizado correspondente, realizar a vacinación prevista neste artigo*.

O artigo 3 da nova Orde APA/229/2025, de 10 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación ao lingua azul, apartado 2, indica na mesma liña, no caso da vacinación voluntaria, será responsabilidade da persoa titular da explotación, a través do persoal veterinario correspondente, realizar a vacinación.

Deste xeito, a vacinación foi e é responsabilidade da persoa titular da explotación, antes sendo obrigatoria e na actualidade sendo voluntaria, co asesoramento do seu veterinario.

En calquera caso, independentemente desta responsabilidade, a CMR avaliará a información epidemiolóxica en cada momento, tanto de Galicia como a nivel nacional e internacional, para trasladar permanentemente a oportuna información e facilitar o asesoramento sobre as recomendacións das medidas a tomar, sempre co obxectivo da protección sanitaria da nosa cabana gandeira”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22636
Data envío: 31/03/2025 21:56:53.003

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19658**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a evolución da construción da vía de altas prestacións Tui-A Guarda e as previsións do Goberno galego en canto ao seu remate"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica, ou na mellora das xa existentes, priorizando aquelas actuacións máis necesarias atendendo a criterios de rendibilidade social e económica. Para isto, aposta polo desenvolvemento dunha planificación realista que as faga viables.

Buscando o máximo consenso social, e dado que se pretendía executar a actuación por fases, ao modo como se levou adiante con éxito a autovía do Morrazo, a Xunta de Galicia presentou un plan de actuación aos alcaldes dos concellos do Baixo Miño e aos representantes da cámara de comercio de Tui, co fin de consensuar unha proposta, viable, logo dunha fonda análise técnica, funcional e social.

A folla de ruta sinalaba dous traballos en paralelo: tramitar a reformulación do trazado da vía de alta capacidade na parte que se correspondía co antigo treito 2, no concello de Tomiño, e en avanzar a execución do enlace coa A-55 e o enlace de Areas, a charnela da que despois parte o resto da nova autovía e unha conexión directa deste importante parque empresarial coa rede viaria de alta capacidade.

Esta planificación está a cumprirse, e despois dunha tramitación complexa, a día de hoxe está aprobado todo o trazado da nova autovía, está en servizo o enlace entre a A-55, a N-551 e a propia nova autovía AG-42, e está licitada a obra do seguinte treito entre Areas e a PO-350, atendendo ademais no proxecto demandas dos concellos e dos colectivos empresariais e veciñais.

A previsión da Xunta de Galicia é dar continuidade ás obras licitadas, coa redacción dos proxectos construtivos e a execución das obras, por fases, que permitan completar esta autovía como se completou a do Morrazo ou se está a completar a autovía AG-59 entre Santiago e A Estrada".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/04/2025 10:10:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 10:10:59
Nº Rexistro: 22815
Data envío: 03/04/2025 10:10:59.547

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19931**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a planificación da política de conservación das variedades vexetais autóctonas de Galicia, os recursos e a descentralización do banco de sementes do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O acceso aos Recursos fitoxenéticos agrarios está regulado no capítulo IV do Real Decreto 429/2020 como lexislación básica de aplicación no estado español. Baixo as condicións establecidas por este RD e polo resto da lexislación vixente o material vexetal albergado nos bancos de xermoplasma debe preservarse para a conservación, depuración, mellora e investigación ca fin de poñer a disposición do sector o material base de interese favorecendo a súa multiplicación e utilización conforme á normativa vixente. Para elo rexistráronse ou están en proceso de rexistro como variedades de conservación ou comercial, segundo o caso, todos aqueles ecotipos susceptibles de interese polas súas cualidades, producións, valor comercial, etc coa finalidade de que as entidades legalmente rexistradas poidan multiplicalas e poñelas a disposición do sector. No caso do resto de ecotipos de sementes e material vexetal non rexistradas, os excedentes de produción respecto das necesidades de conservación, se os houbera, póñense a disposición de calquera interesado que cumpra cós requisitos que marca a lexislación, recollendo todas as peticións e facendo un reparto equitativo e por orde de solicitude das anteditas existencias, garantindo a identidade e a trazabilidade do material entregado e sempre e cando se garanta o seu uso non comercial.

Dende hai décadas se veñen recollendo os diferentes ecotipos que hoxe se albergan no Banco de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia gracias ás intensas actividades de prospección e de colaboración cós agricultores e asociacións. De igual xeito, nas labores de multiplicación e conservación se ten involucrado a agricultores colaboradores e entidades que axudan desinteresadamente na labor de multiplicación, conservación e avaliación de diversos ecotipos de diferentes especies agrarias. Sen dúbida, o reforzo do Banco de Xermoplasma do CIAM agora en marcha virá a contribuír no incremento das colaboracións cós agricultores e as súas asociacións para frear a erosión xenética e a perda da biodiversidade agraria.

Os recursos 2025 están publicados nos Orzamentos da Xunta de Galicia e na distribución orzamentaria da PEPAC, en cuxa aprobación participa un comité de seguimento rexional do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común 2023-2027 (PEPAC) con ampla representación de todos os representantes do sector. Dentro da PEPAC as partidas específicas dos Compromisos medioambientais, climáticos e

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



outros compromisos de xestión (Artigo 70 do Regulamento UE 2021/2115) inclúen as intervencións de conservación de recursos xenéticos (6505.1 SIGC) e as actividades de conseración de recursos xenéticos (6505.2 NO SIGC) de aplicación directa a estes recursos. Tamén está reforzado polos compromisos agroambientais en superficies agrarias e en agricultura ecolóxica cós compromisos de cultivos sustentables (6501.2 SIGC) ou a Agricultura ecolóxica (6503 SIGC), entre outros intervencións. As inversións (Artigo 75) tanto produtivas coma non produtivas coas diferentes subintervencións tamén contribúen a conseguir o obxectivo.

Así mesmo, o grupo de intervencións derivadas do artigo 78 de intercambio de coñecementos, difusión da información e asesoramento dan resposta ás cuestións relativas á formación, asesoramento e transferencia de coñecementos.

Por outra banda, a publicación da Orde de prezos do 25 de marzo de 2022 pola que se fixan los prezos privados por servizos prestados pola AGACAL (Dog núm 67, de 6 de abril de 2022) incorporando a transferencia de material vexetal procedente dos bancos de xermoplasma da Xunta de Galicia conforme á lexislación vixente e a aposta pola construción dunhas novas edificacións no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegndo para conservar, estudar, depurar, investigar e poñer a disposición do sector a riqueza xenética do mateial vexetal albergada no Banco de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos Agrarios de Galicia é unha demostración da aposta decidida pola integración destes recursos para frear a erosión xenética. Por outra banda, a posta en marcha de DOs e IXPAs ligadas a producións agrarias de singular valor merecedoras destes distintivos de calidade é o mellor exemplo do aseguramento da presenza destes recursos nos mercados. No conxunto das estratexias para garantir o abastecemento dos mercados con produtos alimentarios de calidade os circuitos curtos de comercialización son unha aposta que se desenvolve a través da propia PEPAC coas medidas de cooperación derivadas da aplicación do artigo 77 do Regulamento UE 2021/2115, como por exemplo a cooperación para a promoción da participación nos rexímenes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios ou a cooperación para a promoción dos produtos agrícolas e alimenticios en rexímenes de calidade.

Para rematar, a aposta polo Banco de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia a través da posta en marcha de novas instalacións para conservación, mellora, depuración, investigación, etc, así como a aplicación das intervencións directamente relacionadas cos recursos agrarios ou outras medidas indirectas avaladas polo comité de seguimento da PEPAC garantirán a preservación de ecotipos tradicionais fronte á erosión xenética e o cambio climático. Os traballos de conservación, investigación, formación e transferencia contribuirán a dar reposta a estes desafíos e representan un dos piares do contrato de xestión da AGACAL.”

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:54:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22623
Data envío: 31/03/2025 21:54:30.957

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19955**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Óscar Insua Lema, don Daniel Pérez López e don Luis Bará Torres, sobre **“os prazos, os orzamentos e o modelo de financiamento para a licitación e execución dos tramos de prolongación da autovía da Costa da Morte”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Un dos obxectivos do Goberno galego é avanzar no artellamento do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sostible. Neste obxectivo enmárcanse os seus investimentos en materia de estradas, orientados a seguir incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións ao tempo que se destinan orzamentos para o mantemento da rede actual de estradas autonómicas.

Cómpre indicar que o Goberno galego avanzou ao longo destes anos nunha infraestrutura comprometida polo anterior goberno, que recorrera á colaboración público – privada para a súa materialización pero na que non foron quen de avanzar. Foi posteriormente, e na época de menores recursos orzamentarios pola priorización do gasto social na época da crise económica cando se materializou o tramo entre e Carballo e Baio e a variante de Baio. Estes 28 quilómetros (25,41 de autovía e 2,04 de corredor) que comunica os concellos de Carballo (no que conecta coa AG-55), Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo (ata Santa Irena), un vial que supuxo unha mellora substancial, en tempo e seguridade, para os seus usuarios.

Ao respecto dos detalles do proxecto e as perspectivas para a continuidade das obras, cómpre remitirse á intervención do Director da Axencia Galega de Infraestruturas na súa resposta á pregunta oral 7310 na Comisión 3ª do 4 de outubro de 2024.

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmQ1MWM2YjltNDI1Yi00NjlhLWFlNDktODc2NmFkYjlmMmMz&start=18>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/04/2025 10:10:51



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20055**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o contrato de servizo consistente no mantemento e na actualización do Observatorio da Vivenda de Galicia de 2022-2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi obxecto de debate con motivo da Proposición Non de Lei PNC- BNG 20053 BOPG n.º 159f1, do 19.02.2025, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 20 de marzo de 2024, á que nos remitimos.

Durante as dúas anualidades de vixencia do servizo para o mantemento e actualización do Observatorio da Vivenda de Galiza (OVG), elaboráronse máis de 60 documentos no ámbito da observación do estado da vivenda.

A páxina web do Observatorio, no apartado de boletíns, recolle o histórico onde aparecen todos os publicados desde o ano 2022, non soamente desde o ano 2024".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22551
Data envío: 28/03/2025 14:45:44.129

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 28/03/2025 14:45:43

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20056**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o novo contrato de servizo consistente no mantemento e na actualización do Observatorio da Vivenda de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"O novo proxecto técnico de fianzas co Instituto Galego de Estatística consiste en converter en dato estatístico os datos procedentes das fianzas de alugueiro depositadas no Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Os datos de fianzas son públicos e poden consultarse na web do Observatorio. Como dato estatístico tamén terán carácter público.

Polo que respecta ás condicións do novo contrato de mantemento do e actualización do Observatorio, están contidas no prego publicado.

Solicitaranse os estudos que se determinen no plenario do Observatorio e todos os que se consideren necesarios no período de duración do contrato".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22635
Data envío: 31/03/2025 21:56:45.440

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20095**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a postura do Goberno galego ante a declaración de zonas residenciais tensionadas como ferramenta de control dos prezos dos alugueiros da vivenda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"Dende o mesmo momento da aprobación da lei polo dereito á vivenda, que regula a declaración de zonas residenciais tensionadas, a Xunta de Galicia dixo o seguinte:

1.- Non considera que se trate dunha medida que vaia contribuir á solucións dos problemas de alugueiro de vivenda, senón máis ben ao contrario, reducindo a oferta de vivendas e, polo tanto, dificultando o acceso ás mesmas.

2.- A Xunta non vai declarar, de oficio, zonas residenciais tensionadas.

3.- Si algún concello presenta a solicitude de declaración de zona tensionada, acompañada con toda a documentación establecida na lei, a Xunta procederá ao estudo da mesma e, se é o caso, á declaración da zona tensionada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/03/2025 14:45:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22550
Data envío: 28/03/2025 14:45:38.067

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20103**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **“as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante as inundacións persistentes que sofren dous veciños do concello de Arbo na súa vivenda como consecuencia das obras nunha estrada municipal”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

“O 18.10.2022, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Arbo asinaron un convenio, co obxecto de ampliar o vial entre as rúas Vázquez Estévez e a estrada PO-400, polo que a Consellería asumía a obriga de levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e a dirección das obras e a xestión das mesmas, así como a formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O proxecto foi licitado en xaneiro de 2023, quedando finalizada a obra o 22.08.2023.

En todo momento se manifestou a plena disposición por parte da Xunta de Galicia para solventar os danos denunciados e, a tal efecto, feitos os informes preceptivos, tanto por parte da dirección facultativa das obras como do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos, executouse a instalación dunha drenaxe das augas subterráneas, envolvendo todo o linde da casa no ámbito da vía de nova apertura dende o portal da propiedade ata o entronque cunha canalización feita ad hoc na rúa Vázquez Estévez, co fin de recoller todas as augas subterráneas que se dirixiron cara á vivenda, e levalas á rede de pluviais sita augas abaixo da mesma.

Trasladouse, así, dende a administración a total colaboración e disposición para solucionar o problema.

Na última comunicación remitida á Subdirección xeral de Réxime Xurídico-Administrativo por correo electrónico o 18.03.2025, o representante da parte interesada manifestou que en canto se aprecie un aumento do caudal de auga na vivenda dará aviso aos efectos de que o persoal técnico da consellería poida facer unha vista na que poder determinar cal é a solución técnica máis axeitada e levala a cabo.

En canto á reposición do mobiliario, electrodomésticos e enseres danados, decidírase na resolución do expediente de responsabilidade patrimonial que actualmente está en tramitación, e que resulta independente das obras ou actuacións que a administración teña que abordar para evitar a entrada de auga na vivenda de forma definitiva”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/03/2025 14:46:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22555
Data envío: 28/03/2025 14:46:55.004

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20125**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co procedemento de declaración de zona residencial tensionada no mercado do alugueiro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"Dende o mesmo momento da aprobación da lei polo dereito á vivenda, que regula a declaración de zonas residenciais tensionadas, a Xunta de Galicia dixo o seguinte:

1.- Non considera que se trate dunha medida que vaia contribuir á solucións dos problemas de alugueiro de vivenda, senón máis ben ao contrario, reducindo a oferta de vivendas e, polo tanto, dificultando o acceso ás mesmas.

2.- A Xunta non vai declarar, de oficio, zonas residenciais tensionadas.

3.- Si algún concello presenta a solicitude de declaración de zona tensionada, acompañada con toda a documentación establecida na lei, a Xunta procederá ao estudo da mesma e, se é o caso, á declaración da zona tensionada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22554
Data envío: 28/03/2025 14:46:48,988

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 28/03/2025 14:46:48

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20239**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto do expediente de solicitude de concesión de augas superficiais do río Ulla á empresa Greenfiber-Altri"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada nas sesións dos Plenos celebradas o pasado 25 de febreiro e 26 de marzo de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 19447 e á pregunta oral 21889.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 25 de febreiro de 2025:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDMYNGRiNTEtMDU4Yi00ZjFjLWFhMDktNjc5YjNmOGNkMDI3&start=2383](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDMYNGRiNTEtMDU4Yi00ZjFjLWFhMDktNjc5YjNmOGNkMDI3&start=2383)

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 26 de marzo de 2025:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=Mzk2M2JlMzEtZTVlNi00OTgzLTljYjUtNzlwZjAzMGlzZTg4&start=3964"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Mzk2M2JlMzEtZTVlNi00OTgzLTljYjUtNzlwZjAzMGlzZTg4&start=3964)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22634
Data envío: 31/03/2025 21:56:38.800

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20458**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **“a cobertura de vacantes nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais e as medidas preventivas do Pladiga que ata o de agora se levaron a cabo antes da chegada da tempada de alto risco”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural conta cun Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) adecuadamente dimensionado para cubrir as necesidades do servizo. Actualmente, o SPIF dispón de 2.041 postos de traballo correspondentes a brigadas de bombeiros forestais , cunha taxa de ocupación do 96,6%.

Antes do inicio deste ano, se levaron a cabo negociacións coas organizacións sindicais para establecer as quendas de traballo, conforme ao réxime previsto nos acordos de condicións laborais aplicables ao persoal.

É importante destacar que o réxime de quendas negociado asegura o cumprimento dos permisos e vacacións dos traballadores, ao mesmo tempo que garante a prestación do servizo co persoal dispoñible en todo momento.

En resumo, a planificación anual de vacacións deseñouse para asegurar, en todo momento, a cobertura adecuada do servizo, sen comprometer a operatividade do SPIF.

Adicionalmente, cabe sinalar que, sempre que sexa necesario, procédese a realizar substitucións por baixas por Incapacidade Temporal (IT) cando estas son de longa duración. Para 2025, continuarase coa mesma previsión de cobertura das baixas por IT, o que permitirá darlle continuidade ao correcto funcionamento do dispositivo, tanto na tempada de alto risco como na de baixo risco.

É relevante tamén que, en 2024, modificáronse as condicións de traballo do persoal adscrito aos 984 postos de natureza fixo descontínuo. Isto supuxo un incremento do período de prestación a 7 meses en 2024, a 8 meses en 2025 e a 9 meses en 2026 e anos sucesivos. Esta modificación, sen dúbida, contribúe á realización de tarefas preventivas fóra dos períodos de alto risco.

As medidas preventivas que realiza o persoal dos dezanove distritos forestais e que veñen identificadas anualmente no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, consisten principalmente na creación de áreas cortalumes, faixas auxiliares de pista, mellora de pistas forestais e realización de tratamentos silvícolas preventivos, ben de xeito manual ou de xeito mecanizado, destacando a incorporación o ano pasado dos denominados equipos batracio, que permiten mellorar a eficacia dos traballos preventivos. Ademais, tamén se encargan da execución do plan autonómico de queimas prescritas así como da revisión e mantemento da rede de puntos de carga de auga.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Como se comentou no parágrafo anterior, a previsión dos traballos preventivos se establece anualmente no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, que engloba diversos plans, entre os que está o Plan de prevención, vixente actualmente e que se actualizará en vindeiras datas, contemplando actuacións durante todo o ano, non só ata o inicio da temporada de alto risco”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22633
Data envío: 31/03/2025 21:56:33.315

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20685**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **“as eventuais demandas de colleita en verde nas denominacións de orixe ou IXP vitícolas de Galicia e a posible existencia de estudos realizados pola Xunta de Galicia relativos ás necesidades de activación deste mecanismo para regular o mercado”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Este ano as Denominacións de Orixe Protexidas Ribeira Sacra e Ribeiro manifestaron o seu interese na intervención da colleita en verde que recolle a Intervención Sectorial Vitícola do Plan Estratéxico da PAC.

De acordo con isto, a Consellería do Medio Rural solicitou acollerse á poda en verde ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Este é o paso previo a que a Dirección Xeral de Agricultura, Gandaría e Industrias Agroalimentarias convoque a axuda correspondente a aqueles viticultores que queiran acollerse a esta práctica para reducir a produción final de uva por unidade de superficie.

A orde de axudas que se está a tramitar permitirá subvencionar nun 50% os custos incorridos nas accións subvencionables, así como na compensación pola perda de ingresos vinculada á eliminación dos acios.

No caso dos custos para facer a poda, o módulo de referencia estará na contorna dos 1.500-3.000 euros por hectárea segundo haxa ou non contratación externa para este traballo. No tocante ás perdas, o 50% de subvención calcularase como o produto do rendemento medio da parcela (media aritmética das campañas 2021, 2022 e 2023) polo valor medio da uva.

As superficies acollidas á colleita en verde non poderán ser inferiores a 500 m² nin superiores a 10 hectáreas por solicitante”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22632
Data envío: 31/03/2025 21:56:27.440

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20710**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a posibilidade de que as explotacións de gandería ecolóxicas poidan optar ás axudas que as explotacións en extensivo reciben nas zonas con presenza de depredadores silvestres"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O complemento pola presenza de animais carnívoros da intervención 65013 (*Compromisos ambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos*) permite compatibilizar a presenza de grandes carnívoros que xeran interaccións con impactos negativos cos aproveitamentos agrícolas e gandeiros, de modo que diminúan os conflitos e mellore a capacidade de coexistencia.

A conservación dos grandes carnívoros é unha das prioridades da política ambiental europea, tanto polo importante papel ecolóxico que estas especies xogan nos diferentes ecosistemas, como polo seu valor social e cultural. Garantir a conservación efectiva destas especies pasa necesariamente por conservar hábitats e espazos naturais suficientemente amplos e ben conectados entre si, reducir as causas de mortalidade e sobre todo impulsar a coexistencia coas actividades humanas presentes no territorio.

A maneira máis eficaz para alcanzar esta convivencia consiste na adopción das oportunas medidas de prevención para protexer o gando, reducindo así os danos e incrementando a aceptación social. Estas medidas de prevención deben ser prioritarias fronte ao control da poboación.

É tamén indispensable valorar adecuadamente os danos, incluíndo o efecto no conxunto da explotación e efectuar as indemnizacións á maior celeridade.

Por outra banda, este complemento pola presenza de animais carnívoros non é aplicable ás axudas da intervención 6503 (*Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica*).

A pretensión de que en base ao disposto na Orde da PAC se está a crebar o principio constitucional de igualdade baseada en que ao ser incompatibles as axudas de extensivo coas ecolóxicas e non regular o complemento pola presenza de animais carnívoros no apartado das axudas ecolóxicas, que é causa de que maneira que os gandeiros ecolóxicos que teñan os seus animais ao aire libre e realicen o pastoreo, por comparación coa situación dos gandeiros en extensivo non ecolóxicos, non poidan ter acceso ao complemento pola presenza de animais carnívoros; resulta sen fundamento xurídico e así, xa hai sentenzas xudiciais neste sentido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Non existe trato discriminatorio da gandaría ecolóxica en relación á extensiva, pois a Orde da PAC dá tratamento diferenciado ás explotacións de gandaría ecolóxica, ás que permite acceder a liñas de axuda específicas que quedan vedadas á gandaría extensiva e obvian as especiais vantaxes que, en termos globais, teñen as axudas ás ganderías ecolóxicas. As bases prevén axudas que son exclusivas para ganderías ecolóxicas, con elevados importes, ás que de ningún xeito poden acceder ás ganderías extensivas.

Para analizar o tratamento dado pola Orde a unhas e outras hai que ter en conta as imposicións comunitarias propostas pola Comisión europea. A actuación da Administración autonómica nestas axudas é só a efectos de xestión das axudas, xa que o seu deseño e as condicións que lle serán aplicables veñen predeterminados pola definición das intervencións, por parte o Plan estratéxico 2023-2027 nacional de Política Agraria Común (PEPAC) para o Reino de España.

É o PEPAC o que, ao regular a necesidade 06.09 ("compatibilidade con grandes carnívoros"), o que decide non incluír a "Intervención 6503 -Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica" e, por tanto, cando a Orde da PAC establece dita incompatibilidade, non fai máis que dar conta do acordado no Plan.

É, pois, o Plan Estratéxico da PAC o que determina que a "Intervención 6503 - Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica", sexa incompatible coa "Intervención 6501.3 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos", que inclúe a "Necesidade 06.09 Compatibilidade con grandes carnívoros".

Así, no PEPAC indícase:

"Os elementos crave do Plan para abordar a necesidade 06.09. Compatibilizar a presenza de grandes carnívoros que xeran interaccións con impactos negativos cos aproveitamentos agrícolas e gandeiros, de modo que diminúan os conflitos e mellore a capacidade de coexistencia son os seguintes:

•Intervención sectorial apícola: ou Investimentos en activos materiais e inmateriais, para repoboar as colmeas na Unión, en particular mediante a cría de abellas

•Intervencións de Desenvolvemento Rural:

-6501.3 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos.

-6501.4 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias en apicultura para a biodiversidade. ou 6501.5 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias, en protección da avifauna.

-6501.6 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias, en mantemento ou mellora de hábitats e de actividades agrarias tradicionais que preserven a biodiversidade. ou 6844 non SIGC Axudas a investimentos non produtivos en explotacións agrarias vinculadas á mitigación-adaptación ao cambio climático, uso eficiente dos recursos naturais e biodiversidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



-6871 non SIGC Investimentos non produtivos en servizos básicos no medio natural.

En ningún caso se inclúe a intervención 6503 (*Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica*).

Á hora de avaliar as incompatibilidades entre a intervención 6503 (*Compromisos ambientais en agricultura ecolóxica*) coa intervención 65013 (*Compromisos ambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos*), que é onde se recolle o *complemento a gandarías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros* mediante a subintervención 65013.03, non se pode obviar que a gandaría ecolóxica ten un tratamento propio e singular, accedendo a liñas de axuda propias, ao recollerse nunha intervención específica, ás que non tería acceso a gandaría extensiva que non cumpra os requisitos da gandaría ecolóxica e que por tanto non sexa susceptible de incardinarse na intervención 65013.

En conclusión, é evidente que este tratamento separado da gandaría ecolóxica, con liñas de axuda propias e singulares (como a subintervención 65030.21: conversión de gandaría ecolóxica e subintervención 65030.22: mantemento de gandaría ecolóxica) ás que non pode acceder a gandaría extensiva, dificultan a comparación entre as situacións de ambos os tipos de gandaría. E é que, non é que ante unha mesma intervención se exclúa dun complemento por presenza de grandes carnívoros de forma arbitraria á gandaría que cumpra as esixencias máis rigorosas da gandaría ecolóxica, senón que se trata dun deseño específico para esta de determinadas liñas de axuda, cunhas subintervencións específicas, diferenciada das subintervencións que corresponden á gandaría que non cumpre os requisitos normativos da gandaría ecolóxica. E que está establecido a través do PEPAC. Á hora de realizar a comparación entre o tratamento a unha e outra gandaría, en consecuencia, non só pódese atender á posibilidade de acceder nun caso ao complemento por presenza de grandes carnívoros (na intervención 65013, en función da subintervención 65013.03) senón que de forma global hai que atender ao conxunto de axudas que se outorgan nunha e outra situación, subsumibles en diferentes subintervencións.

Por todo o anterior, non procede a modificación da Orde da PAC no que respecta ao complemento pola presenza de animais carnívoros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22631
Data envío: 31/03/2025 21:56:21.425

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20849**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **“o grao de idoneidade da localización e dos recursos do Punto de Encontro Familiar de Ourense para o cumprimento das súas funcións e as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Punto de Encontro Familiar (PEF) de Ourense atópase nunha zona céntrica da cidade, ben iluminada, con tráfico rodado e na mesma mazá onde se ubica a Comisaría Provincial da Policía Nacional de Ourense. Polo tanto, non só cumpre coa normativa vixente senón que, adicionalmente, dispón dunha ubicación que facilita o cumprimento dos réximes de visitas establecidos polos xulgados correspondentes e a intervención coas familias.

O Punto de Encontro Familiar de Ourense dispón dun libro de reclamacións a disposición de todas as persoas usuarias. Desde o traslado ás actuais dependencias, non consta ningunha queixa das persoas usuarias do PEF sobre a ubicación deste recurso gratuito para as familias, nin no libro de reclamacións, nin tampouco trasladadas de xeito verbal durante as intervencións. Tampouco constan na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica nin na Subdirección Xeral de Inspección de servizos sociais.

Ao contrario: ao tratarse dun edificio no que se atopan diversas instalacións de ocio, deportivas e culturais, evítase a estigmatización das persoas usuarias, xa que o acceso ao edificio non supón acudir necesariamente ao Punto de Encontro Familiar.

Finalmente, respecto das intervencións nas que participan vítimas de violencia de xénero, convén lembrar que o labor do PEF é executar os réximes de visitas que veñen establecidos polos organismos xudiciais, de obrigado cumprimento. En todo caso, as profesionais do Punto de Encontro Familiar están a aplicar con rigorosidade o protocolo específico de actuación para este tipo de intervencións, que ten por obxecto evitar calquera tipo de contacto entre os dous proxenitores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:56:14



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“os usos dados polo Concello do Vicedo a un vehículo financiado con axudas recibidas para ofrecer un servizo social e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia sacou unha orde de axudas en 2023 destinada a que os concellos e as mancomunidades de menos de 10.000 habitantes puidesen adquirir un vehículo adaptado, de emisión cero, eco ou de etiqueta C verde e cuxo uso sexa para destinar a servizos sociais. A esta orde destinou un total de 1M€ procedentes dos fondos do Mecanismo de Resiliencia e Recuperación.

A contía destinada a cada concello era de 40.000€ como máximo por vehículo. A posta en marcha desta liña de axudas obedece ao compromiso da Xunta coa mellora na atención ás persoas maiores, á discapacidade e aos servizos sociais municipais. Ademais, diso, favoreceuse a compra de medios de transporte respectuosos co medio ambiente.

Finalmente, o crédito chegou para adxudicar o vehículo a 27 concellos de todas as provincias. A adxudicación realizouse tendo en conta os criterios de baremación que contemplaba a orde: a poboación e, dentro deste parámetro, a poboación con discapacidade ou maior de 65 anos, e se o municipio conta ou non cun centro para maiores ou discapacidade.

O Concello do Vicedo acadou unha puntuación de 38 puntos, polo que se atopa entre eses 27 concellos que máis baremaron para poder percibir esta axuda.

Actualmente, á Xunta de Galicia non lle consta ningún incumprimento da orde neste senso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:58:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22640
Data envío: 31/03/2025 21:58:42.893

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20897**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a situación da comarca da Limia en canto sexa declarada como zona vulnerable aos nitratos (ZVN)"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Directiva 91/676/CEE do Consello do 12 de decembro de 1991 (Directiva Nitratos) relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura, impón aos Estados membros a obriga de identificar as augas contaminadas por nitratos agrarios. No caso da Limia, ó tratarse dunha rede fluvial non exclusiva de Galicia, o órgano competente para o control das augas é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Os resultados das análises das augas amosan valores de concentración de nitratos en augas superficiais (ríos e encoro) e augas subterráneas que superan os valores establecidos na normativa e se consideran polo tanto augas afectadas.

Ademais, unha vez identificadas as masas de auga contaminadas, a Directiva Nitratos obriga a declarar como zonas vulnerables (DZV) aquelas superficies do territorio que contribúen á contaminación detectada, por mor da auga que escoa cara a masa de auga afectada. Unha vez feita a DZV, hai que establecer nestas zonas un programa de actuación coa finalidade de reducir as achegas de nitratos agrarios. A DZV e o plan de actuación son competencias autonómicas. Galicia non ten ningunha zona declarada ata o de agora.

Por outra banda, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 9 de maio de 2022, da Dirección Xeral da Auga, pola que se publican os mapas das augas afectadas pola contaminación difusa (BOE do 21/05/2022). Entre esas masas hai varias na Limia. Esta publicación equivale á determinación oficial das masas de auga afectadas, e que polo tanto obriga ás comunidades autónomas a facer as declaracións de zonas vulnerables correspondentes.

De acordo con todo o anterior, a Consellería do Medio Rural está a comprobar a procedencia dunha DZV que afectaría á Limia entre outras comarcas de Galicia. En resumo, a Xunta de Galicia non ten competencias sobre as análises das augas da Limia, nin sobre a determinación de masas de augas afectadas por nitratos, e estamos obrigados a declarar a zonas vulnerables que verten augas ás masas afectadas identificadas pola administración central".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:58:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22639
Data envío: 31/03/2025 21:58:36.939

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20979**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a xestión dos servizos sociais por parte do Concello de Ourense, a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación e as actuacións que prevé levar a cabo ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria do Consello Municipal do Concello de Ourense é unha responsabilidade exclusiva deste concello, facendo uso da competencia de creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais que lle atribúe a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Xunta traballa en prol do bo funcionamento dos servizos sociais exercendo, con respecto ao traballo dos servizos sociais municipais, as competencias que lle atribúe a lei, principalmente as de planificación, asesoramento, avaliación, coordinación, inspección e, no seu caso, sanción.

Entre as medidas postas en marcha polo Goberno galego na cidade de Ourense atópanse:

No eido dos coidados para os maiores, o Goberno galego pon a disposición de todos os ourensáns 900 prazas públicas residenciais e de centro de día, ás que haberá que sumar as 120 prazas públicas tralo remate da construción da residencia que a Fundación Amancio Ortega está a realizar na cidade das Burgas.

- Ademais, nesta cidade hai preto de 460 persoas beneficiarias do Bono coidado no fogar do Goberno galego polos que achega 2,3M€ anuais.
- Asemade, a Xunta de Galicia pon a disposición do Concello de Ourense máis de 17.000 horas anuais de SAF polas que achega 2,5M€ anuais.

No eido do coidado dos máis pequenos, gracias á medida pioneira da gratuidade de todas as escolas infantís posta en marcha pola Xunta de Galicia neste concello hai 1.300 prazas de escolas infantís sostidas con fondos públicos e polas que as familias ourensán non teñen que pagar nin un só euro por levar aos seus fillos. Unha medida á que o Goberno galego achega máis de 65 M€ de fondos propios, xa que a achega do Executivo central a esta medida é de 0 euros.

No eido das persoas con discapacidade, destaca o Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense. Un centro con 110 prazas públicas de atención residencial e diúrna no que a Xunta investiu 10M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Así mesmo concédense aos concellos axudas e subvencións para cofinanciar os custos do persoal e dos programas de servizos sociais que desenvolven. Así, neste senso o Goberno galego concede axudas aos concellos para a realización de programas das que se beneficia tamén o concello de Ourense.

Polo que respecta ás entidades de iniciativa social ás que fai referencia a iniciativa, poñemos á súa disposición dúas liñas de colaboración para desenvolver programas complementarios dos servizos sociais comunitarios e de inclusión social, das que se están a beneficiar tamén entidades da cidade de Ourense. ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:58:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22638
Data envío: 31/03/2025 21:58:31.549

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21562**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da execución dos distintos proxectos de rehabilitación planificados en Ferrol ao abeiro do programa Rexurbe”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

“A colaboración do concello de Ferrol durante o mandato socialista foi nula. E o retraso na tramitación das licenzas causou, por un lado, o encarecemento das obras de rehabilitación e, por outro, provocou que varias das licitacións quedaran desertas por mor do incremento dos custes da construción.

Se o goberno municipal socialista tivera feito o seu traballo con dilixencia hoxe serían varios máis os inmobles xa rehabilitados ou en obras en Ferrol Vello.

A día de hoxe están en execución as obras de rehabilitación de Carmen Curuxeiras 8, Carmen Curuxeiras 22-24, Benito Vicetto 17 e Castro 22-24.

E licitaranse próximamente as obras de rehabilitación de Carmen Curuxeiras 33-38, Espartero 18, Espartero 46, Espartero 56, San Francisco 13 e Mártires 9, de maneira que se agarda que en 2025 estean en obras a meirande parte dos inmobles adquiridos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2025 21:58:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22637
Data envío: 31/03/2025 21:58:24.408

CSV: BOPGDSPG-mkUGEN7pp-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-mKUGEN7pp-3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

